

REQUISITO DE IDIOMA PARA PASAR A TERCEIRO CURSO DO GRAO EN XESTIÓN INDUSTRIAL DA MODA

De acordo co establecido na memoria verificada do título de Grao en Xestión Industrial da Moda, para pasar a terceiro curso, os estudantes deberán acreditar un nivel de inglés B2. Polo tanto, no momento de facer a matrícula, deberán achegar unha das seguintes certificacións:

1. Certificación oficial de nivel B2 de inglés (só se admitirán os certificados recoñecidos pola Asociación de Centros de Lingua no Ensino Superior, www.acles.es).
2. Diploma de aproveitamento de B2.2 ou superior do Centro de Linguas da UDC. Tamén se admitirán certificados similares expedidos por outros centros de linguas de universidades españolas.
3. Título de Bachelerato Internacional
4. Obtención do título de bacharelato nun país co inglés como lingua de ensino.

No caso das certificacións que teñan unha determinada vixencia temporal (por exemplo, IELTS ou TOEFL), éstas deberán estar en vigor no momento de realizar a matrícula. Admitiranse tamén certificacións cuxa data de caducidade estea dentro do ano natural no que se realice a matrícula.

A Coruña,

Nancy Vázquez Veiga

Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente